

**2025**

**MEMORIA DE ACTIVIDADES E ECONÓMICA**

## ÍNDICE

### MEMORIA DE ACTIVIDADES

1. DATOS DA ENTIDADE .....	4
2. FUNDAMENTACIÓN .....	5
3. PROXECTO DE ATENCIÓN PSICOSOCIAL E REHABILITADOR A PERSOAS CON FIBROMIALXIA, SÍNDROME DE FATIGA CRÓNICA E AOS SEUS FAMILIARES .....	6
3.1. OBXECTIVOS.....	7
3.2. SERVIZOS E ACTIVIDADES .....	7
3.2.1. SERVIZO DE ATENCIÓN SOCIAL .....	7
3.2.2. SERVIZO DE APOIO PSICOLÓXICO.....	8
3.2.3. TERAPIAS FÍSICO-REHABILITADORAS.....	10
3.2.4. SERVIZO DE INFORMACIÓN: DIFUSIÓN E SENSIBILIZACIÓN .....	11
3.3. RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS .....	13
3.3.1. RECURSOS HUMANOS.....	13
3.3.2. RECURSOS MATERIAIS .....	14
3.4. RESULTADOS OBTIDOS .....	16
3.5. FUNCIÓNS ESPECÍFICAS REALIZADAS POLA TRABALLADORA SOCIAL .....	18
3.6. CONCLUSIÓNS.....	19

### MEMORIA ECONÓMICA

4. CONTA DE PÉRDIDAS E GANANCIAS.....	20
5. BALANCE DE SITUACIÓN.....	

## 1. DATOS DA ENTIDADE

NOME	Asociación de Fibromialxia, Síndrome de Fatiga Crónica e Sensibilidade Química Múltiple de Ourense
CIF	G-32303802
ÁMBITO DE ACTUACIÓN	Ourense (entidade provincial) <u>Sede Central:</u> Rúa Recadero Paz, 1 Baixo 678 636 037
<p>XUNTA DIRECTIVA</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Presidenta:</b> María Jesús Justel González.</li> <li>• <b>Vicepresidenta:</b> Amalia Castro Dacosta.</li> <li>• <b>Secretaria:</b> Piedad Valencia Vázquez.</li> <li>• <b>Tesoureira:</b> María Isabel Alvar Vázquez</li> <li>• <b>Vogal:</b> María Luisa Cozar Silva.</li> <li>• <b>Vogal:</b> María del Carmen Nogueiras Gómez</li> <li>• <b>Vogal:</b> Inés Vázquez Saavedra.</li> </ul>	
COLECTIVO SOCIAL AO QUE ATENDEMOS	Persoas afectadas por Fibromialxia e/ou Síndrome de Fatiga Crónica e/ou Sensibilidade Química Múltiple e as súas familias
Nº SOCIOS/AS	123
ORIXE	2003
<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Declarada de Utilidade Pública</b>, resolución do 8 de abril de 2011</li> <li>• Inscrita no <b>Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais</b>(RUEPSS)</li> <li>• Inscrita no <b>Rexistro Provincial de Asociacións</b> conº 2003/006107-1</li> </ul>	
SOMOS MEMBRO DE	DISCAFIS-COGAMI Federación Provincial de Asociacións de Persoas con Discapacidade de Ourense

## 2. FUNDAMENTACIÓN

A **Fibromialxia** é una enfermidade que se caracteriza pola existencia de dor crónica, principalmente do aparato locomotor, xeneralizado, difuso, sen lesión orgánica aparente e que pode acompañarse de outros síntomas. Descoñécese a causa aínda que se atoparon alteracións xenéticas, neurofisiolóxicas, psicolóxicas e nos sistemas nervioso autónomo, endócrino e inmunolóxico, que producen unha alteración da percepción e da modulación da dor. Calcúlase que a padecen aproximadamente o 3% da poboación maior de 20 anos, o que fai desta enfermidade un problema de saúde pública importante e de difícil abordaxe.

O **Síndrome de Fatiga Crónica** é una enfermidade que se caracteriza pola presenzadunha fatiga mental ou física intensa durante máis de seis meses, sen causa aparente, que interfere nas actividades habituais, non mellora co descanso, podendo asociarse con outros síntomas. Non se coñece a causa aínda que existen diversas teorías entre as que se atoparían a infección por virus, as alteracións no sistema inmune ou de sustancias no sistema nervioso central. Descoñécense os casos que pode haber, pero estimase un mínimo de 1 por 1.000 habitantes, o que supón miles de afectados.

Para poder sobrelevar estas enfermidades, é preciso facer exercicio físico, ter actitude positiva e procurar un cambio na mentalidade. Diversos estudos demostran que a hidroterapia e as prácticas de estiramientos musculares, axudan a aliviar os síntomas e manexar a dor. Tamén é imprescindible o apoio psicolóxico, xa sexa de forma individual ou grupal.

Hai que ter en conta que as persoas que sofren estas enfermidades, ven en maior ou menor grado, dependendo de varios factores (síntomas, as limitacións, nivel cultural, ciclo de vida onde están, apoio familiar...) afectadas diversas esferas da vida como a económica e laboral debido ao incremento do gasto farmacéutico, aumento de baixas laborais, indemnizacións e pensións de xubilación anticipadas e tamén teñen moi deterioradas as esferas tanto familiar como social.

A día de hoxe, AFFOU é a única entidade a nivel provincial que ofrece este tipo de terapias físico rehabilitadoras e a atención psicosocial para as persoas afectadas por estas patoloxías, mediante a


busca constante de recursos, para poder ofertar ditas actividades sen que o custe das mesmas supoña un impedimento para a súa realización.

AFFOU puxo en marcha o “**Proxecto de Atención Psicosocial e Rehabilitadora a persoas con fibromialxia e síndrome de fatiga crónica e aos seus familiares**” grazas á colaboración de diferentes institucións e particulares, por iso, en nome das persoas socias da entidade a quen representamos queremos dar as grazas por poder desfrutar de novo este **2025** dos servizos e actividades realizadas, contribuíndo así a una mellora na calidade de vida das persoas afectadas e das súas familias.

### RELACIÓN DE ASOCIADOS POR SEXO

A Asociación de Fibromialxia e Síndrome de Fatiga Crónica de Ourense, está constituída fundamentalmente por mulleres, un 92% dos asociados son mulleres fronte ao 8% dos socios varóns.

Ten que ver a prevalencia da enfermidade no sexo feminino fronte ao masculino, xa que é 21 veces máis frecuente nas mulleres.



## 3. PROXECTO DE ATENCIÓN PSICOSOCIAL E REHABILITADOR A PERSOAS CON FIBROMIALXIA, SÍNDROME DE FATIGA CRÓNICA E AOS SEUS FAMILIARES

PROXECTO LEVADO A CABO DURANTE O ANO 2025, EN COLABORACIÓN E COFINANCIADO POLA XUNTA DE GALICIA, A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE, O CONCELLO DE OURENSE E FUNDACIÓN ONCE.



### 3.1. OBXECTIVOS

**OBXECTIVO XERAL:** Mellorar a calidade de vida das persoas afectadas por FM y SFC, e os seus familiares, a través da atención integral das súas necesidades.

#### OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

- Ofrecer información e asesoramento a afectados/as e os seus familiares, e elaborar un plan de atención individualizado para cada un/unha.
- Consegir reducir a dor e mellorar o tono muscular e a elasticidade.
- Consegir reducir a ansiedade e o estrés evitar o illamento, fomentando as relación sociais.
- Concienciar á sociedade sobre as nosas patoloxías e continuar co plan de formación.

### 3.2. SERVIZOS E ACTIVIDADES

#### 3.2.1. SERVIZO DE ATENCIÓN SOCIAL

Dende o traballo social intervense avaliando as necesidades sociais das persoas socias e os seus familiares, á vez que se fomenta una actitude positiva en referencia á/s enfermidade/s, coa finalidade de normalizara situación na que se atopan o antes posible. Para iso a traballadora social é a responsable de proporcionar:

- Información acerca da Fibromialxia, o Síndrome de Fatiga Crónica e Sensibilidade Química Múltiple.
- Información sobre os servizos e actividades das que se dispoñen, así como noticias de interese relacionadas coas patoloxías que nos ocupan edo sector da discapacidade.
- Información e asesoramento das axudas e recursos sociais.

A atención realizouse de forma diaria na sede central de AFFOU, de lúns a xoves de 9:00 a 14:00 e os venres de 9:00 a 13:00 horas.

Indicadores de intervención	Resultado acadado
<b>Nº de usuarios/as atendidos/as</b>	95 usuarios/as
<b>Nº de intervencións anuais</b>	112 intervencións
<b>Novas valoracións</b>	24 valoracións

### 3.2.2. SERVIZO DE APOIO PSICOLÓXICO

Nin a Fibromialxia nin o Síndrome de Fatiga Crónica son trastornos psiquiátricos. Sen embargo, a situación de dor e fatiga sostidas no tempo, rematan por mermar a calidade de vida e, en moitas ocasións, o estado de ánimo e incluso a valía persoal daquelas persoas que padecen estas enfermidades.

O apoio psicolóxico é fundamental para mellorar a situación emocional das persoas afectadas por estas enfermidades e dos seus familiares e, como consecuencia, mellorar a súa calidade de vida.

#### ▪ **Atención Individualizada:**

O tratamento axústase a cada paciente. Lévese a cabo una avaliación exhaustiva de cada caso, e o/a paciente recibe un tratamento personalizado co seu correspondente seguemento e prevención de recaídas. É una actividade continua no tempo, xa que a intervención psicolóxica individual é un recurso que debemos poder prestar en calquera momento, debido a que non se pode previr con antelación a demanda que poidan presentar nas nosas persoas usuarias deste servizo.

Estas terapias, lévanse a cabo nun local da entidade (Centro Integral de Servizos Aixiña) e nun local da Asociación DCA Ourense durante todo o ano.

Indicadores de intervención	Resultado acadado
<b>Nº de usuarios/as atendidos/as</b>	20 usuarias
<b>Nº de intervencións anuais</b>	41 intervencións
<b>Novas valoracións</b>	13 valoracións

▪ **Grupo de Axuda Mutua:**

Mediante a terapia de grupo, adquirense diversas técnicas capaces de desenvolver novas conductas e modificar actitudes, así como distintas técnicas de relaxación, que permiten mellorar os niveis de ansiedade, estrés, aumentar a autoestima e xestionar a dor. Trabállase, así mesmo, a estimulación cognitiva, xa que son frecuentes nestas patoloxías as perdas de memoria e as dificultades de concentración. Ademais de coñecer a outras persoas coa mesma enfermidade o que axuda ter un intercambio de experiencias.

Indicadores de intervención	Resultado acadado
<b>Nº de usuarios/as atendidos/as</b>	17 usuarias
<b>Nº de intervencións anuais</b>	35 sesións
<b>Novas valoracións</b>	3 valoracións

### 3.2.3. TERAPIAS FÍSICO-REHABILITADORAS

Estas terapias foron coordinadas pola traballadora social da asociación. A actividade que este ano máis nos demandaron as socias foron:

- **Fisioterapia**

Indicadores de intervención	Resultado acadado
<b>Nº de usuarios/as atendidos/as</b>	13 usuarias
<b>Nº de intervencións anuais</b>	129 sesións
<b>Novas valoracións</b>	6 valoracións

A fisioterapia está considerada como un dos mellores tratamentos para o manexo e mellora da fibromialxia, xa que axuda a regular a diminución dos ataques de dor e é útil na mellora da actividade muscular e a rixidez, mellorando así o rango de movemento. É importante que as sesión sexan regulares, para poder apreciar os beneficios.

<b>Nº de asistentes</b>	13 mulleres
<b>Datas realización</b>	Durante todo o ano, máximo 4 sesións ao mes por usuario/a
<b>Lugar realización</b>	Centro de Fisioterapia “Kiko Gómez”

#### - loga adaptado

É un tratamento innovador que traballando en grupo, con persoas coa mesma patoloxía cubre varios aspectos: mellora a mobilidade, mellora o tono muscular e cóllese mais forza, diminúe a dor ao desfacer contracturas, ao ter unha parte de relaxación, diminúe a ansiedade e favorece a regulación do sono, mellora a nivel cognitivo a atención e concentración

A estes beneficios súmanse os propiamente sociais, relacionarse e coñecer a persoas na mesma situación que favorece socializar, romper a soidade e intercambiar vivencias.

Esta actividade fíxose unha vez por semana con duración de cada sesión de 1 hora.

Indicadores de intervención	Resultado acadado
<b>Nº de usuarios/as atendidos/as</b>	11 usuarias
<b>Nº de intervencións anuais</b>	36 sesións
<b>Novas valoracións</b>	3 valoracións

#### - Aquagym

Sesións, con exercicios na auga, dunha hora de duración ou menos, con auga templada (28-32 graos) mínimo unha vez por semana, os síntomas da fibromialxia vense reducidos. Varios estudos, comprobaron que persoas que realizan unha serie de exercicios dirixidos nunha piscina tiñan menor dor e aumentaba a súa axilidade no seu día a día. É importante que sexa unha actividade constante xa que a constancia é o que mantén ese alivio.

Esta actividade fíxose unha vez por semana con duración de cada sesión de 45 minutos.

Indicadores de intervención	Resultado acadado
<b>Nº de usuarios/as atendidos/as</b>	6 usuarias
<b>Nº de intervencións anuais</b>	31 sesións
<b>Novas valoracións</b>	1 valoración

### 3.2.4. SERVIZO DE INFORMACIÓN: DIFUSIÓN E SENSIBILIZACIÓN

AFFOU ao longo do ano intervén en diversos eventos co propósito de sensibilizar á poboación en xeral sobre as patoloxías que a ocupan, así como para dar a coñecer a existencia da entidade na cidade e propagar a súa labor.

As accións de difusión e sensibilización foron:

- Visibilización da campaña da “X solidaria” marcándoa na declaración da renda para fins solidarios coas ONGs.
- Día mundial da fibromialxia e síndrome de fatiga crónica. Mesa informativa no CHUO, a iluminación da fachada do mesmoe da ponte romana de Ourense da cor representativa das patoloxías, a morada.
- Charla “De preto coa fibromialxia e do síndrome de fatiga crónica” impartida pola traballadora social de AFFOU Leticia Vila e a secretaria de AFFOU Piedad Valencia. O 10 de abril ás 16:00 horas no Local Social da Asociación de Veciños de Outeiro de Orraca (Allariz).
- Paseo da Saúde. Organizado polo Concello de Barbadás, a nosa entidade participou cunha mesa informativa.
- Día internacional da eliminación da violencia cara ás mulleres
- Día internacional da discapacidade “Baixo o mesmo paraugas”. AFFOU e máis de 80 entidades sociais de toda Galicia abrimos os nosos paraugas para reivindicar os seus dereitos.

Éstas foron algunhas das actividades-campañas nas que fixemos máis fincapé neste 2025.







### 3.3. RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS

#### 3.3.1. RECURSOS HUMANOS

Para o desenvolvemento do proxecto, AFFOU dispón de:

- Unha traballadora social indefinida, a 24 horas semanais. As súas funcións son principalmente proporcionar información e asesoramento, a xestión de documentación e a coordinación de tódalas actividades e proxectos levados a cabo na asociación.
- Servizo de psicoloxía individual, por parte de AODEMPER (Asociación Ourensana de Esclesose Múltiple, Párkinson e enfermidades raras).
- Servizo de neuropsicoloxía individual e grupo de axuda mútua, por parte de DCA Ourense (Asociación Dano cerebral Adquirido de Ourense).

- Profesionais con convenio coa asociación, neste caso os profesionais do Centro de Fisioterapia Kiko Gómez, a profesora de ioga de Experiencia Wellnes SLU e o monitor de piscina da actividade de aquagym de Be One As Lagoas.
- Outros servicios profesionais: está incluído a xestoría, neste caso Asesoría Víctor, que leva a parte de contabilidade e de persoal de AFFOU.
- Un voluntario, que participounos diferentes eventos deste ano: mesas informativas, charlas, etc.

### 3.3.2. RECURSOS MATERIAIS

#### **Infraestrutura:**

A sede da entidade atópase ubicada na Rúa Recaredo Paz nº 1, na planta baixa do edificio C.I.S. Aixiña.

A diferenza de anos anteriores, nos que existía un convenio de mantemento entre DISCAFIS-COGAMI e o Concello de Ourense e que entregaba a Aixiña en concepto de aluguer de locais e asociación membro, dende 2016 as entidades tivemos que facer fronte ao pago dun aluguer polo local. Dito aluguer é pagado á asociación Aixiña.

O edificio ten unha superficie aproximada de 3.500 metros e conta con:

- Transporte adaptado.
- Salón de Actos.
- Despacho de servizos especializados.
- Sala de rehabilitación completamente dotada.
- Cafetería.
- Restaurante, con capacidade para 250 persoas.

Ademáis temos cedida a aula no Centro Cultural da Deputación de Ourense para a realización de charlas, asembleas de socios/as e reunións de xunta directiva.

#### **Equipo:**

A entidade conta coa equipación propia de oficina como é: mesa, cadeiras, armarios, archivadores, etc.

- Material informático como: Un ordenador fixo (doado por Correos), un ordenador portátil, unha impresora multifunción, dúas memorias USB, destrutora de papel, etc.
- Material de oficina: carpetas archivadoras, folios, fundas de plástico e todo tipo de material funxible para o desenvolvemento das actividades propias de oficina.

Tamén hai que subliñar que entregamos trípticos, coas actividades e servicios ofrecidos por AFFOU, coa finalidade de dar a coñecer a asociación á sociedade.

Para calquer asociación que teña polo menos una persoa traballadora ao seu cargo terá o deber de cumprir ca Lei 31/1995 de Prevención de Riscos Laborais, xa que é un dereito dos/as traballadores/as. Tamén é una obriga tomar unha serie de medidas de seguridade, polo tanto se lles aplica a Lei de Protección de datos, nas actividades diarias, xa que débense adoptar medidas de carácter técnico que garanticen a seguridade dos datos de carácter persoal e eviten a súa alteración, perda ou tratamento ó acceso non autorizado.

### 3.4. RESULTADOS OBTIDOS

Para obter una avaliación total do proxecto entregáronse uns cuestionarios, consultouse ás persoas participantes e realizouse unha observación directa no desenvolvemento e asistencia ás mesmas. No cuestionario de satisfacción as persoas usuarias puntuaron as actividades levadas a cabo neste 2025 cunha media dun 8 sobre 10.

En canto aos obxectivos específicos do proxecto dicir que se conseguiu cada un deles e para iso mostramos una análise dos resultados obtidos en cada servizo.

#### **Servizo de Atención Social**

É un dos servizos fundamentais da entidade xunto co apoio psicolóxico, tódalas persoas que deciden contactar coa entidade pasan por dito servizo, sendo case sempre o primeiro contacto ca traballadora social da entidade.

Como dato a destacar, indicar que se atenderon a un total de 95 persoas, moitas delas en máis dunha ocasión, tanto para dar información sobre a entidade, sobre recursos, sobre xestión do certificado de discapacidade e incapacidade, como para a súa derivación ao servizo de apoio psicolóxico e ás terapias físico-rehabilitadoras.

A través deste servizo conseguimos o *“obxectivo de informar e asesorar ás persoas afectadas e ós seus familiares e elaborar un plan de atención individualizado para cada un/unha”*.

#### **Servizo de Apoio Psicolóxico**

A Atención Individualizada tivo un total de 20 beneficiarias que continuaron ao longo de todo ano, segundo o criterio profesional, recibindo dita atención.

No grupo de axuda mutua atendéronse a 17 persoas.

Nos cuestionarios que se pasaron ás persoas usuarias deste servizo, a maioría concédele a máxima puntuación en canto ao nivel de satisfacción.

Con este servizo conseguirse cumprir dous dos obxectivos do proxecto, *“dar información ás persoas afectadas e reducir a ansiedade e o estrés e evitar o illamento, fomentando as relacións sociais.”*

### Terapias físico-rehabilitadoras

Tras realizar o seguemento do nivel de asistencia das 13 usuarias ás sesións de fisioterapia, conclúese que se mantivo durante todo o ano estable.

En ioga adaptado foron 11 as persoas asistentes.

En aquagym foron 6 persoas usuarias.

Conseguíuse *“reducir a dor e mellorar o tono muscular e a elasticidade das persoas usuarias”*.

### Servizo de Información: Difusión e Sensibilización

Mediante a participación e organización dos diferentes actos mencionados nesta memoria, conseguimos *ofrecer información e asesoramento ás persoas afectadas e familiares* así como *concienciar á sociedade sobre as pataloxías* que nos ocupan. Para iso contamos coa participación da traballadora social da entidade, membros da xunta directiva e persoas socias que conseguiron cumprir os obxectivos plantexados a través do seu coñecemento e do reparto de trípticos informativos.

## 3.5. FUNCÍONS ESPECÍFICAS REALIZADAS POLA TRABALLADORA SOCIAL

- Información e asesoramento ás persoas socias da entidade, tanto a nivel social (recursos, prestacións, dereitos...) como a nivel das actividades e características da propia entidade.
- Atención específica ós/ás socias/os de carácter social tanto a nivel presencial como a nivel telefónico.
- Elaboración de proxectos sociais para poder optar a subvencións tanto de carácter público como de carácter privado.
- Colaboración activa coas xestións tanto económicas como administrativas realizadas durante este tempo por parte da asociación.
- Colaboración activa na organización de eventos tanto lúdicos como sociais levados a cabo pola asociación.

- Colaboración activa tanto na organización como na posta en práctica de diversos talleres formativos/informativos levados a cabo pola entidade.
- Labores de comunicación e asistencia a eventos e reunións organizadas polas distintas entidades e institucións da provincia de Ourense.

### 3.6. CONCLUSIÓNS

Para finalizar esta memoria, dende AFFOU queremos dar as grazas á atención integral realizada, ó traballo en equipo e a implicación das persoas socias, voluntarios/as e familias, xuntos/as acadamos cada un dos obxectivos propostos neste proxecto, conseguindo como finalidade principal a mellora da calidade de vida das persoas afectadas por fibromialxia, síndrome de fatiga crónica e sensibilidade química múltiple, e das súas familias.

## 4. CONTA DE PÉRDIDAS E GANANCIAS

6 - G32303802 - ASOC. FIBROM. SIND.FAT.CRONIC.E.SENSIB.QU		PERDIDAS Y GANANCIAS PYMES	
Período del 01/01/2025 al 31/12/2025		Ejercicio: 2025	Fecha: 17/03/2026 <span style="float: right;">Página: 1</span>
CONCEPTOS	2025		
<b>1. Importe neto de la cifra de negocios.....</b>	<b>24.270,50</b>		
70500000 PRESTACION DE SERVICIOS.....	7.000,00		
72000000 INGRESOS POR CUOTAS DE SOCIOS.....	7.080,00		
72100000 INGRESOS POR CUOTAS DE USUARIOS.....	8.474,00		
72200000 PROMOCIONES PARA CAPTAR RECURSOS.....	1.216,50		
72200001 FORMOCIONES PARA CAPTAR RECURSOS LOTERIA.....	500,00		
<b>2. Variación de existencias de productos terminados y en curso de fabricación.....</b>	<b>0,00</b>		
<b>3. Trabajos realizados por la empresa para su activo.....</b>	<b>0,00</b>		
<b>4. Aprovisionamientos.....</b>	<b>-1.133,85</b>		
60000000 COMPRAS DE MERCADERIAS.....	-1.133,85		
<b>5. Otros Ingresos de explotación.....</b>	<b>20.380,96</b>		
74000001 DONATIVOS.....	352,39		
74000006 SUBVENCIÓN DEPUTACIÓN.....	3.000,00		
74000007 SUBVENCIÓN XUNTA.....	12.000,00		
74000008 SUBVENCIÓN CONCELLO.....	1.028,57		
74000010 INGRESOS POR CONVENIO COGAMI.....	4.000,00		
<b>6. Gastos de personal.....</b>	<b>-17.512,84</b>		
64000000 SUELDOS Y SALARIOS.....	-5.518,82		
64000006 NOMINA ASIGNACIÓN 0,7% IRPF.....	-7.726,32		
64200000 SEGURIDAD SOCIAL A CARGO DE LA EMPRESA.....	-1.778,22		
64200006 SEG. SOCIAL ASIGNACIÓN 0,7%IRPF.....	-2.489,48		
<b>7. Otros gastos de explotación.....</b>	<b>-19.958,69</b>		
62300000 SERVICIOS DE PROFESIONALES INDEPENDIENTES.....	-4.100,82		
62100000 ARRENDAMIENTOS.....	-2.352,76		
62400000 TRANSPORTES.....	-423,50		
62500000 PRIMAS DE SEGUROS.....	-429,79		
62600000 SERVICIOS BANCARIOS Y SIMILARES.....	-390,92		
62900000 OTROS SERVICIOS.....	-12.010,32		
62900003 COMUNICACIONES.....	-250,58		
<b>8. Amortización del inmovilizado.....</b>	<b>0,00</b>		

6 - G32303802 - ASOC. FIBROM. SIND.FAT.CRONIC.E.SENSIB.QU		PERDIDAS Y GANANCIAS PYMES	
Período del 01/01/2025 al 31/12/2025		Ejercicio: 2025	Fecha: 17/03/2026 <span style="float: right;">Página: 2</span>
CONCEPTOS	2025		
9. Imputación de subvenciones de inmovilizado no financiero y otras.....	0,00		
10. Exceso de provisiones.....	0,00		
11. Deterioro y resultado por enajenaciones del inmovilizado.....	0,00		
12. Otros resultados.....	0,00		
<b>A) RESULTADOS DE EXPLOTACION (1+2+3+4+5+6+7+8+9+10+11+12).....</b>	<b>6.046,08</b>		
<b>13. Ingresos financieros.....</b>	<b>0,00</b>		
Imputación de subvenciones, donaciones y legados.....	0,00		
Otros ingresos financieros.....	0,00		
<b>14. Gastos Financieros.....</b>	<b>0,00</b>		
15. Variación de valor razonable en instrumentos financieros.....	0,00		
16. Diferencias de cambio.....	0,00		
17. Deterioro y resultado por enajenación de instrumentos financieros.....	0,00		
<b>18. Otros Ingresos y gastos de carácter financiero.....</b>	<b>0,00</b>		
a) Incorporación al activo de gastos financieros.....	0,00		
b) Ingresos financieros derivados de convenios de acreedores.....	0,00		
c) Resto de ingresos y gastos.....	0,00		
<b>B) RESULTADO FINANCIERO (13+14+15+16+17+18).....</b>	<b>0,00</b>		
<b>C) RESULTADO ANTES DE IMPUESTOS (A+B).....</b>	<b>6.046,08</b>		
19. Impuestos sobre beneficios.....	0,00		
<b>D) RESULTADO DEL EJERCICIO (C+19).....</b>	<b>6.046,08</b>		

## 5. BALANCE DE SITUACIÓN

6 - G32303802 - ASOC. FIBROM. SIND.FAT.CRONIC.E.SENSIB.QU		BALANCE PYMES	
Periodo del 01/01/2025 al 31/12/2025		Ejercicio: 2025	Fecha: 17/03/2026
		Página: 1	
Activo	2025		
A) ACTIVO NO CORRIENTE.....	0,00		
I. Inmovilizado intangible.....	0,00		
II. Inmovilizado material.....	0,00		
III. Inversiones inmobiliarias.....	0,00		
IV. Inversiones en empresas del grupo y asociadas a largo plazo.....	0,00		
V. Inversiones financieras a largo plazo.....	0,00		
VI. Activos por impuesto diferido.....	0,00		
VII. Deudores comerciales no corrientes.....	0,00		
B) ACTIVO CORRIENTE.....	53.776,08		
I. Existencias.....	0,00		
II. Deudores comerciales y otras cuentas a cobrar.....	23.328,57		
1. Clientes por ventas y prestaciones de servicios.....	5.200,00		
a) Clientes por ventas y prestaciones de servicios a largo plazo.....	0,00		
b) Clientes por ventas y prestaciones de servicios a corto plazo.....	5.200,00		
43000005 COGAMI.....	5.200,00		
2. Accionistas ( socios ) por desembolsos exigidos.....	0,00		
3. Otros deudores.....	18.128,57		
47080010 H.P. SUBVENCIONES DEPUTACION DE OURENSE.....	3.000,00		
47080012 H.P. DEUDORA SUBVENCION CONCELLO.....	1.028,57		
47080013 H.P. DEUDORA POR SUBVENCION ONCE.....	14.100,00		
III. Inversiones en empresas del grupo y asociadas a corto plazo.....	0,00		
IV. Inversiones financieras a corto plazo.....	0,00		
V. Periodificaciones a corto plazo.....	0,00		
VI. Efectivo y otros activos líquidos equivalentes.....	30.447,51		
57000000 CAJA (EUROS).....	110,97		
57200002 ABANCA CTA 2534.....	30.336,54		
<b>TOTAL ACTIVO (A+B).....</b>	<b>53.776,08</b>		

6 - G32303802 - ASOC. FIBROM. SIND.FAT.CRONIC.E.SENSIB.QU		BALANCE PYMES	
Periodo del 01/01/2025 al 31/12/2025		Ejercicio: 2025	Fecha: 17/03/2026
		Página: 2	
Patrimonio Neto y Pasivo	2025		
A) PATRIMONIO NETO.....	52.581,14		
A-1) Fondos propios.....	52.581,14		
I. Capital.....	9.754,99		
1. Capital escriturado.....	9.754,99		
10100000 FONDO SOCIAL.....	9.754,99		
2. Capital no exigido.....	0,00		
II. Prima de emisión.....	0,00		
III. Reservas.....	22.936,68		
1. Reserva de capitalización.....	0,00		
2. Otras reservas.....	22.936,68		
11300000 RESERVAS VOLUNTARIAS.....	22.936,68		
IV. Acciones y participaciones en patrimonio propias.....	0,00		
V. Resultados de ejercicios anteriores.....	13.843,39		
12000000 REMANENTE.....	13.843,39		
VI. Otras aportaciones de socios.....	0,00		
VII. Resultado del ejercicio.....	6.046,08		
VIII. Dividendo a cuenta.....	0,00		
A-2) Ajustes en patrimonio Neto.....	0,00		
A-3) Subvenciones, donaciones y legados recibidos.....	0,00		
B) PASIVO NO CORRIENTE.....	0,00		
I. Provisiones a largo plazo.....	0,00		
II. Deudas a largo plazo.....	0,00		
1. Deudas con entidades de crédito.....	0,00		
2. Acreedores por arrendamiento financiero.....	0,00		
3. Otras deudas a largo plazo.....	0,00		
III. Deudas con empresas del grupo a largo plazo.....	0,00		
IV. Pasivos por impuesto diferido.....	0,00		
V. Periodificaciones a largo plazo.....	0,00		
VI. Acreedores comerciales no corrientes.....	0,00		
VII. Deuda con características especiales a largo plazo.....	0,00		
C) PASIVO CORRIENTE.....	1.194,94		
I. Provisiones a corto plazo.....	0,00		
II. Deudas a corto plazo.....	16,20		
1. Deudas con entidades de crédito.....	0,00		
2. Acreedores por arrendamiento financiero.....	0,00		
3. Otras deudas a corto plazo.....	16,20		

6 - G32303802 - ASOC. FIBROM. SIND.FAT.CRONIC.E.SENSIB.QU		BALANCE PYMES	
Periodo del 01/01/2025 al 31/12/2025		Ejercicio: 2025	Fecha: 17/03/2026
Página: 3			
Patrimonio Neto y Pasivo	2025		
55500000 PARTIDAS PENDIENTES DE APLICACIÓN.....	16,20		
III. Deudas con empresas del grupo y asociadas a corto plazo.....	0,00		
IV. Acreedores comerciales y otras cuentas a pagar.....	1.178,74		
1. Proveedores.....	0,00		
a) Proveedores a largo plazo.....	0,00		
b) Proveedores a corto plazo.....	0,00		
2. Otros acreedores.....	1.178,74		
41000014 FRANCISCO GOMEZ DE DIOS.....	89,25		
41000025 Experiencia Wellness SLU.....	399,30		
41000030 ASOCIACION DCA OURENSE.....	27,00		
47510000 HACIENDA PUBLICA, ACREEDOR POR RETENCIONES PRATIC.....	99,57		
47510002 RETENCIÓN POR ALQUILERES.....	136,46		
47600000 ORGANISMOS SEGURIDAD SOCIAL ACREEDORES.....	427,16		
V. Periodificaciones a corto plazo.....	0,00		
VI. Deuda con características especiales a corto plazo.....	0,00		
<b>TOTAL PATRIMONIO NETO Y PASIVO ( A+B+C ).....</b>	<b>53.776,08</b>		

Presidenta de AFFOU

D<sup>a</sup> María Jesús Justel González